

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DO DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA.

CURSO 2022-23

Estes criterios de avaliación inclúen as modificacións que fixemos para adaptarnos aos cambios que introduce a Orde de 27 de decembro de 2022 de modificación da orde de 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

A continuación especificamos os criterios de cualificación que son iguais para todas as materias que imparte este departamento, despois especificaremos os criterios para as diferentes materias:

- A relación entre a nota en cifra e a nominativa é consonte á normativa.
- Nos exames debe constar a puntuación atribuída a cada un dos items.
- Para obter unha cualificación positiva na avaliación haberá que acadar unha nota mínima de 5 .
- Os alumnos que teñan unha ACI son avaliados segundo os criterios de cualificación recollidos na súa adaptación, estes criterios ó igual que a ACI, están pensados para cada alumno en particular, intentando adaptarse o máis posible a súas capacidades e posibles dificultades, polo tanto son diferentes para cada alumno. Os criterios de cualificación estarán claramente especificado en cada ACI.
- Debido aos diferentes contidos impartidos nos cursos da ESO no departamento de Ciencias Sociais, a materia de cada curso é independente da do curso anterior. As instrucións para recuperar a materia pendente están recollidas no plan de recuperación de materias pendentes incorporado a esta programación.
- No caso de constatarse que o alumno fixo un exame fraudulento (copiar dun compañeiro, levar “chuletas”, coñecer previamente o exame, cambiar o exame unha vez que este corrixido ...) o alumno terá unha puntuación dun 0 na unidade ou unidades didácticas correspondentes, o mesmo ocorre con traballos (copia de traballos de internet...).
- A comprobación da falta de orixinalidade dun traballo (copiar sen citar as fontes, plaxiar o dun compañeiro, “pegar” desde internet, etc.) suporá a anulación do mesmo dándose por non realizado.
- Tódalas notas por avaliación e finais terán como referente básico o número enteiro da mesma. Nas avaliacións o redondeo cara arriba só se fará no caso de que sexa igual ou superior a 60 centésimas. De calquera modo, para facer as medias para a nota final de xuño tómase como referencia a nota exacta con decimais de cada unha das avaliacións, sen redondeo. A cifra resultante si poderá redondearse coas mesmas condicións que en cada avaliación.
- Cando un alumno non poda asistir a un exame na data fixada, terá que traer un xustificante médico para que o profesor lle realice a proba noutra data.
-

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA A MATERIA DE XEOGRAFÍA E HISTORIA (2º E 4º ESO)

Os criterios de cualificación para os cursos de 2º da ESO Xeografía e Historia son:

- **70% Exames**, realizaremos como mínimo dúas probas (escritas ou orais) agás na terceira avaliación que podería ser só unha, calcularase a media aritmética das probas feitas na avaliación trimestral.
- **30% Traballo práctico** relacionado cos contidos impartidos.

Os criterios de cualificación para o curso da materia de Historia de **4º da ESO son:**

- **80% Exames**, faremos como mínimo dous exames por avaliación (agás na terceira avaliación que podería ser só un), calcularase a media aritmética das probas feitas na avaliación trimestral.
- 20% Traballo** práctico relacionado cos contidos impartidos

RECUPERACIÓN PARA A MATERIA DE XEOGRAFÍA E HISTORIA DE 2º E 4º DA ESO

Durante o curso faranse recuperacións da 1ª e 2ª avaliación cando o fixe o profesor correspondente. A recuperación da 3ª avaliación realizarase na proba final. As notas da recuperación son o 100 % da nota da proba de recuperación. Á hora de facer as medias do curso, a nota que se vai a utilizar para calcular a nota suspensa é a máis alta que obtivera o alumno (entre a da avaliación e a da recuperación). A cualificación da recuperación non poderá ser superior á máxima nota acadada polo resto de alumnado na correspondente avaliación.

En caso de que o/a alumno/a teña unha única avaliación suspensa poderá facer media co resto das avaliacións. Para poder aprobar o curso a media aritmética das tres avaliacións ten que ser sempre igual ou superior a 5, coa condición de que só teña unha avaliación suspensa.

AVALIACIÓN FINAL DE 2º E 4º DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

A nota da avaliación final é a media aritmética das tres avaliacións, se o alumnado ten unha única avaliación sen recuperar e a media é igual ou superior a 5, aprobará a materia coa nota resultante desa media. Para facer as medias para a nota da avaliación final tómase como referencia a nota exacta con decimais de cada unha das avaliacións, sen redondeo. A cifra resultante si se redondeará coas mesmas condicións que en cada avaliación.

O alumnado cunha avaliación sen recuperar que non chegue a un cinco na media das tres avaliacións e os que teñan dous ou máis avaliacións suspensas poderán presentarse a unha proba final na que os alumnos recuperarán só a avaliación ou avaliacións que queden por superar. A proba que realice cada alumno estará dividida nas diferentes avaliacións que teñan que recuperar, e cualificaranse por separado.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DA MATERIA DE VALORES ÉTICOS DE 2º E 4º ESO

O Departamento de Ciencias Sociais do C.P.I. Cruz do Sar adopta os seguintes criterios de cualificación para os cursos de 2º e 4º da ESO na materia de Valores Éticos

O 100 % da cualificación virá dado polo traballo cotián do alumnado, valorándose aspectos como a realización das tarefas encomendadas, a puntualidade nos prazos de entrega, a atención ás orientacións e/ou correccións do profesor e moi especialmente, tendo en conta a natureza da materia, a actitude participativa e respectuosa durante as sesións de clase. Entre as actividades que poden ser propostas ao alumnado atópanse comentarios, resumos, cuestionarios, intervencións orais, traballos de investigación, busca de información...

RECUPERACIÓN

O alumno que, ao final do curso, teña superadas polo menos dúas avaliacións, e a media das notas das mesmas chegue ao 5, terá superado o curso. O alumnado que teña máis dunha avaliación suspensa ou a nota media das tres avaliacións sexa inferior a 5, terá dereito recuperar a materia na avaliación final.

As notas de recuperación na avaliación final son o 100 % da nota da proba de recuperación. Á hora de facer as medias do curso, a nota que se vai a utilizar para calcular a nota suspensa é a máis alta que obtivera o alumno (entre a da avaliación ou da recuperación). A cualificación da recuperación non poderá ser superior á máxima nota acadada polo resto de alumnado na correspondente avaliación

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA A INICIACIÓN A ACTIVIDADE EMPRENDEDORA E EMPRESARIAL (4º ESO)

- **50% Exames**, realizaranse dous exames por avaliación, dividindo a materia en dúas partes segundo a temporalización establecida.
- **50% Traballo práctico** relacionado cos contidos impartidos.

RECUPERACIÓNS E AVALIACIÓN FINAL

A nota da avaliación final é a media aritmética das tres avaliacións, se o alumnado ten unha única avaliación sen recuperar e a media é igual ou superior a 5 aprobará a materia coa nota resultante desa media. Para facer as medias para a nota da avaliación final tómase como referencia a nota exacta con decimais de cada unha das avaliacións, sen redondeo. A cifra resultante na avaliación final si se redondeará coas mesmas condicións que en cada avaliación.

O alumnado que teña máis dunha avaliación suspensa ou a nota media das tres avaliacións sexa inferior a 5, terá dereito a recuperar a materia nunha proba final, na que os alumnos recuperarán só a avaliación ou avaliacións que queden por superar. A proba que realice cada alumno estará dividida nas diferentes avaliacións que teñan que recuperar, e cualificaranse por separado.

As notas de recuperación na avaliación final son o 100 % da nota da proba de recuperación. Á hora de facer a avaliación final, a nota que se vai a utilizar para calcular a nota suspensa é a máis alta que obtivera o alumno (entre a da avaliación e a da recuperación). A cualificación da recuperación non poderá ser superior á máxima nota acadada polo resto de alumnado na correspondente avaliación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA ECONOMÍA (4º ESO)

- **60% Exames**, realizaranse dous exames por avaliación, dividindo a materia en dúas partes segundo a temporalización establecida.
- **40% Traballo práctico** relacionado cos contidos impartidos.

RECUPERACIÓNS E AVALIACIÓN FINAL

A nota da avaliación final é a media aritmética das tres avaliacións, se o alumnado ten unha única avaliación sen recuperar e a media é igual ou superior a 5 aprobará a materia coa nota resultante desa media. Para facer as medias para a nota da avaliación final tómase como referencia a nota exacta con decimais de cada unha das avaliacións, sen redondeo. A cifra resultante na avaliación final si se redondeará coas mesmas condicións que en cada avaliación.

O alumnado que teña máis dunha avaliación suspensa ou a nota media das tres avaliacións sexa inferior a 5, terá dereito a recuperar a materia nunha proba final, na que os alumnos recuperarán só a avaliación ou avaliacións que queden por superar. A proba que realice cada alumno estará dividida nas diferentes avaliacións que teñan que recuperar, e cualificaranse por separado.

As notas de recuperación na avaliación final son o 100 % da nota da proba de recuperación. Á hora de facer a avaliación final, a nota que se vai a utilizar para calcular a nota suspensa é a máis alta que obtivera o alumno (entre a da avaliación e a da recuperación). A cualificación da recuperación non poderá ser superior á máxima nota acadada polo resto de alumnado na correspondente avaliación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN (LOMLOE)

XEOGRAFÍA E HISTORIA. 1º ESO

A nota da avaliación será o resultado de:

$$\text{Nota avaliación} = [(\text{Media Ex.} \times 70) + (\text{Media rúbricas} \times 30)] / 100.$$

Unha vez realizadas as operacións, aplicarase o redondeo. Nas avaliacións o redondeo cara arriba só se fará no caso de que sexa igual ou superior a 60 centésimas. Este redondeo só se realizará se o alumnado fixo polo menos un 50 % das tarefas de cada avaliación. De calquera modo, para facer as medias para a nota final de xuño tómase como referencia a nota exacta con decimais de cada unha das avaliacións, sen redondeo. A cifra resultante si poderá redondearse coas mesmas condicións que en cada avaliación.

AVALIACIÓN FINAL

O valor das avaliacións e o seguinte:

-1ª avaliación 31%

-2ª avaliación 33%

-3ª avaliación 36%

Polo tanto, a nota da terceira avaliación pode ser superior á nota final.

Para a cualificación final de curso terase en conta o peso porcentual ou ponderado que se lle aplicou ás unidades de cada avaliación, polo tanto será o resultado de:

$$\text{Nota final} = [(\text{Nota 1ª aval.} \times 31) + (\text{Nota 2ª aval.} \times 33) + (\text{Nota 3ª aval.} \times 36)] / 100.$$

Se o resultado final non chega a un 5 o alumnado terá que presentarse a unha proba na que os alumnos recuperarán só a avaliación ou avaliacións que teñan que recuperar, e que serán cualificadas por separado. Para poder superar a materia o alumno, tras facer esta proba, ten que ter unha resultado na nota final (obtida na fórmula para calcular a nota final) de 5.

RECUPERACIÓN

Co alumnado que non aprobe as avaliacións levarase a cabo un plan de recuperación. Durante o curso faranse recuperacións da 1ª e 2ª avaliación cando a fixe a profesora correspondente. A recuperación da 3ª avaliación realizarase na avaliación final. As notas da recuperación son o 100 % da nota da proba de recuperación. Á hora de facer as medias do curso, a nota que se vai a utilizar para calcular a nota suspensa é a máis alta que obtivera o alumno (entre a da avaliación e a da recuperación). A cualificación da recuperación non poderá ser superior á máxima nota acadada polo resto de alumnado na correspondente avaliación.

XEOGRAFÍA E HISTORIA. 3º ESO

A nota da avaliación será o resultado de:

$$\text{Nota avaliación} = [(\text{Media Ex.} \times 70) + (\text{Media rúbricas} \times 30)] / 100.$$

Unha vez realizadas as operacións, aplicarase o redondeo. Nas avaliacións o redondeo cara arriba só se fará no caso de que sexa igual ou superior a 60 centésimas. Este redondeo só se realizará se o alumnado fixo polo menos un 50 % das tarefas de cada avaliación. De calquera modo, para facer as medias para a nota final de xuño tómase como referencia a nota exacta con decimais de cada unha das avaliacións, sen redondeo. A cifra resultante si poderá redondearse coas mesmas condicións que en cada avaliación.

AVALIACIÓN FINAL

O valor das avaliacións é o seguinte:

-1ª avaliación 28%

-2ª avaliación 32%

-3ª avaliación 40%

Polo tanto, a nota da terceira avaliación pode ser superior á nota final.

Para a cualificación final de curso terase en conta o peso porcentual ou ponderado que se lle aplicou ás unidades de cada avaliación, polo tanto será o resultado de:

Nota final= [(Nota 1ª aval. x 28) + (Nota 2ª aval. x 32) + (Nota 3ª aval. x 40)] / 100.

Se o resultado final non chega a un 5 o alumnado terá que presentarse a unha proba na que os alumnos recuperarán só a avaliación ou avaliacións que teñan que recuperar, e que serán cualificadas por separado. Para poder superar a materia o alumno, tras facer esta proba, ten que ter unha resultado na nota final (obtida na fórmula para calcular a nota final) de 5.

RECUPERACIÓN

Co alumnado que non aprobe as avaliacións levarase a cabo un plan de recuperación. Durante o curso faranse recuperacións da 1ª e 2ª avaliación cando a fixe a profesora correspondente. A recuperación da 3ª avaliación realizarase na avaliación final. As notas da recuperación son o 100 % da nota da proba de recuperación. Á hora de facer as medias do curso, a nota que se vai a utilizar para calcular a nota suspensa é a máis alta que obtivera o alumno (entre a da avaliación ou da recuperación). A cualificación da recuperación non poderá ser superior á máxima nota acadada polo resto de alumnado na correspondente avaliación.

CULTURA CLÁSICA 3º DA ESO

A nota da avaliación será o resultado de:

Nota avaliación= [(Media Ex. x 50)+ (Media rúbricas x 50)] / 100.

Unha vez realizadas as operacións, aplicarase o redondeo. Nas avaliacións o redondeo cara arriba só se fará no caso de que sexa igual ou superior a 60 centésimas. Este redondeo só se realizará se o alumnado fixo polo menos un 50 % das tarefas de cada avaliación. De calquera modo, para facer as medias para a nota final de xuño tómase como referencia a nota exacta con decimais de cada unha das avaliacións, sen redondeo. A cifra resultante si poderá redondearse coas mesmas condicións que en cada avaliación.

AVALIACIÓN FINAL

O valor das avaliacións e o seguinte:

-1ª avaliación 38%

-2ª avaliación 32%

-3ª avaliación 30%

Polo tanto, a nota da terceira avaliación pode ser superior á nota final.

Para a cualificación final de curso terase en conta o peso porcentual ou ponderado que se lle aplicou ás unidades de cada avaliación, polo tanto será o resultado de:

Nota final= [(Nota 1ª aval. x 38) + (Nota 2ª aval. x 32) + (Nota 3ª aval. x 30)] / 100.

Se o resultado final non chega a un 5 o alumnado terá que presentarse a unha proba na que os alumnos recuperarán só a avaliación ou avaliacións que teñan que recuperar, e que serán cualificadas por separado. Para poder superar a materia o alumno, tras facer esta proba, ten que ter unha resultado na nota final (obtida na fórmula para calcular a nota final) de 5.

RECUPERACIÓN

Co alumnado que non aprobe as avaliacións levarase a cabo un plan de recuperación.

Se o resultado final non chega a un 5, o alumnado terá que presentarse a unha proba na que os alumnos recuperarán só a avaliación ou avaliacións que teñan que recuperar, e que serán cualificadas por separado. As notas da recuperación son o 100% resultado da proba de recuperación.

VALORES ÉTICOS 3º ESO

O 100 % da cualificación de Valores Éticos virá dado polo traballo do alumnado, valorándose aspectos como a realización das tarefas encomendadas, a puntualidade nos prazos de entrega, a atención ás orientacións e/ou correccións do profesor e moi especialmente, tendo en conta a natureza da materia, a actitude participativa e respectuosa durante as sesións de clase. Entre as actividades que poden ser propostas ao alumnado atópanse comentarios, resumos, cuestionarios, intervencións orais, traballos de investigación, busca de información...

Consideracións para avaliar:

- Para obter unha cualificación positiva na avaliación haberá que acadar unha nota mínima de 5 .
- A comprobación da falta de orixinalidade dun traballo (copiar sen citar as fontes, plaxiar o dun compañeiro, pegar desde internet, etc.) suporá a anulación do mesmo dándose por non realizado.
- Tódalas notas por avaliación e finais terán como referente básico o número enteiro da mesma. Nas avaliacións o redondeo cara arriba só se fará no caso de que sexa igual ou superior a 60 centésimas. Este redondeo só se realizará se o alumnado fixo polo menos un 50 % das tarefas de cada avaliación. De calquera modo, para facer as medias para a nota da avaliación final tómase como referencia a nota exacta con decimais de cada unha das avaliacións, sen redondeo. A cifra resultante si poderá redondearse coas mesmas condicións que en cada avaliación.

AVALIACIÓN FINAL

O valor das tres unidades didácticas nas que se divide a materia e que se corresponde coas tres avaliacións é o seguinte:

-1ª avaliación 33%

-2ª avaliación 34%

-3ª avaliación 33%

Polo tanto a nota da terceira avaliación pode ser superior á nota final.

Para a cualificación de final de curso terase en conta o peso porcentual que se lle aplicou ás unidades de cada avaliación, polo tanto será o resultado de :

Nota final= [(nota de 1ª aval x 33) +(nota da 2ª aval x 34)+ (nota da 3ª aval x 33)]/100.

Para poder aprobar o curso o alumnado ten que ter una cualificación igual ou superior a 5 ao aplicar o cálculo antes sinalado.

RECUPERACIÓN

Co alumnado que non aprobe as avaliacións levarase a cabo un plan de recuperación.

Se o resultado da avaliación final non é igual ou superior a 5 o alumnado poderá recuperar as avaliacións parciais que teña suspensas. Esta recuperación será mediante un traballo ou varios que será avaliado mediante táboa de indicadores, a recuperación será só da avaliación ou avaliacións que teña que recuperar, e serán cualificadas por separado. As notas da recuperación son o 100% resultado dos traballos de recuperación.

Para ter a materia superada o resultado da fórmula aplicada para calcular a nota final ten que ser igual ou superior a 5. Á hora de facer o cálculo da nota final, a nota que se vai a utilizar para calcular a nota suspensa é a máis alta que obtivera o alumno (entre a da avaliación e da recuperación). A cualificación da recuperación non poderá ser superior á nota máxima acadada polo resto do alumnado na correspondente avaliación.